

Digan o que digan

Description

O despliegue de medios bélicos de EEUU e Reino Unido para atacar Iraq avanza a marchas forzadas e con autonomía plena a respecto de pareceres de líderes políticos, entidades rexionais, Vaticano, e inclusive das sacrosantas enquisas de opinión. Oídos sordos á resposta ante as manifestacións e peticións que xurden en todo o mundo, tamén en EEUU, ante o que se presenta como un conflito inevitable, cunha solución bélica pensada e artellada dende hai moitos meses e con independencia das pampinas diplomáticas. Bush e Blair van por libre, á marxe do mundo.

Os inspectores de armas da ONU necesitan moitos meses máis para revisar se Iraq está desenvolvendo programas de armas prohibidas, aseguraba o pasado luns o director xeral da Agencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA), Mohamed el Baradei, despois de reunirse co ministro francés de exteriores, Dominique de Villepin. El Baradei e Hans Blix, xefe inspector de armas da ONU, deberán presentar o 27 de xaneiro un informe ante o Consello de Seguridade sobre o nivel de progreso acadado na inspección de armas dende que os expertos en armas da AIEA e da Comisión de Verificación e Inspección da ONU regresaron a Iraq hai dous meses.

Aínda no suposto de que Iraq posúa armas de destrución masiva cócousa que ninguén conseguiu demostrar ata agora de forma irrefutable-, como tamén as teñen EEUU, Rusia, Francia, Reino Unido, China, Paquistán, India ou Corea do Norte, os países máis poderosos economicamente teñen as súas disposicións mecanismos de presión internacional para dar unha solución efectiva a este problema sen acudir a unha agresión inxustificable que agravará aínda máis a penuria na que vive a inocente poboación iraquí.

¿A que ven tanto interese? Sacarse a espina do traballo inacabado en 1991 non parece suficiente. Evidentemente está o petróleo, pero non unicamente. Quen máis en firme aposta pola guerra son os sectores vinculados á industria militar e o lobby xudeu na Casa Branca. Con independencia dos dividendos petroleiros, sempre incertos en tempo de guerra e sempre a partir con outros (franceses, británicos, rusos, fundamentalmente), a mirada de Tel-Aviv se centra na rendabilización desta coxuntura para modificar as fronteiras de Oriente Medio para satisfacer a súa obsesión permanente de seguridade destruindo a un dos seus inimigos máis irreductibles. Nesa estratexia, a derrota de Sadam Hussein será o primeiro paso dunha iniciativa que podería implicar a Irán e Arabia Saudí e, por suposto, aínda que doutra maneira, a Xordania, donde se proclamará o estado Palestino, sen Arafat e cos millóns de expulsados dos actuais enclaves formalmente baixo a administración da ANP.

No esquecemento quedarí como lóxico a loita contra o terrorismo, excusa ben argallada para alentar outros propósitos. Como sinalaba hai unhas semanas a ex ministra británica Mo Mowlem: ¿Todo este asunto non ten nada que ver cunha suposta ameaza iraquí: non existe?

Mentres todo isto acontece, a propia ONU, con defectos pero tamén con acertos, alerta sobre a importancia de activar a loita contra a SIDA en todo o mundo, unha guerra que custará bastante menos que o impulso bélico contra Iraq ou contra o terrorismo internacional. As cifras de Nacións Unidas estiman un esforzo necesario de dez mil millóns de dólares por ano para afrontar con éxito esa tarefa, pero ata agora non obtivo máis de tres. E o maior contribuínte non é ningún país rico, nin tan sequera ningún Estado, senón Bill Gates, o dono de Microsoft. Así estamos e así nos vai.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 16, 2003

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2003-01-16 00:00:00